



CIG-Saúde rexeita a proposta do Ministerio de Sanidade de habilitar aos MIR-4 para que traballen como Médicos de Familia.

O déficit de facultativos en Atención Primaria está chegando, en moitas ocasións, a provocar serios problemas na capacidade asistencial do sistema sanitario público. Na orixe desta situación, ademais da falta de previsión na formación de pre e postgrao, está a política sanitaria neoliberal de desregulación laboral e restrición de gasto que durante demasiados anos se aplicou no sector. Esta política provocou unha grande precariedade laboral, que forzou unha importante emigración de médicos de familia a outros países como Portugal ou o Reino Unido, así como á existencia dunhas lamentables condicións laborais en moitos Centros de Saúde, e nomeadamente nos Puntos de Atención Continuada (PACs).

Diante desta problemática, a Comisión de Recursos Humanos (RR.HH.) do Ministerio de Sanidade propón autorizar aos Residentes de 4º ano de Medicina Familiar e Comunitaria para que, de xeito “excepcional”, desempeñen funcións asistenciais como médicos de familia nos Centros de Saúde.

Na opinión de CIG-Saúde, a vía de habilitar aos R4 para exercer como especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, antes de que rematen a súa formación, ten demasiados puntos débiles:

- 1. Atenta contra a coherencia e a necesaria progresión dos programas formativos.*** O 3º ano de residencia transcorre, practicamente na súa totalidade, en servizos hospitalarios, por tanto a integración da necesaria formación hospitalaria na práctica da Atención Primaria, ten que se concretar de xeito progresivo e titorizado no Centro de Saúde no transcurso do 4º ano de residencia.
- 2. Pretende habilitar a quen aínda non reúne os requisitos legais para desempeñar un posto de traballo de especialista.***
- 3. Mete aos residentes nun mundo de absoluta indefinición e desregulación desde un punto de vista puramente laboral.***
- 4. Supón un antecedente para futuras promocións ou para outras especialidades.*** A superación do problema, se non se poñen en marcha outras medidas urxentes, pode tardar tempo co que esta situación de “excepcionalidade” pode repetirse ano tras ano.

Nesta situación, CIG-Saúde rexeita esa proposta e considera que para afrontar unha situación que o propio Ministerio entende que é transitoria, **sería mellor habilitar fondos especiais de choque (financiamento adicional e finalista da caixa estatal ás caixas dos servizos de saúde)** que permitisen dúas vías de actuación máis acaídas: ampliar e estabilizar plantillas e negociar cos profesionais existentes solucións de excepción tamén transitorias.



Gregorio Espino, 47
36205 VIGO

986 827 969
986 827 968

Fax: 986 262 781

www.agmedica.org

www.cig-saude.org

